

-GARDAS

Funcións do profesorado de garda: *Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento*(DOG 2/9/1997). Artigos 106,107,108.

GARDAS DE RECREO(5 profesores)

- O profesorado que teña garda de recreo deberá incorporarse a ela coa máxima puntualidade.
- Durante os recreos o alumnado pode estar no espazo circundante do edificio agás na zona de aparcamento. Tamén pode ir á cafetería, á biblioteca, ao patio cuberto e ao pavillón, pero nunca permanecerá nos corredores, e tampouco está permitido o acceso ás aulas.
- O alumnado poderá acceder aos baños durante os cinco primeiros minutos do recreo. O resto do tempo do recreo, se fose necesario, usará exclusivamente os baños da planta baixa (corredor do parnasillo e cafetería).
- O profesorado de garda de recreo:
 1. Comprobará que o alumnado permaneza exclusivamente nos espazos permitidos.
 2. Vixiará que o alumnado faga un bo uso dos espazos a utilizar.
 3. Velará porque o alumnado teña un comportamento axeitado, pola limpeza, polo uso adecuado das instalacións,...
 4. O profesorado de garda do interior do edificio comprobará que as aulas quedan pechadas unha vez que saia o alumnado.
 5. Promoverá o regreso do alumnado ás aulas cando soe o timbre de entrada.

De haber algunha incidencia durante o recreo, informarase dela a algún membro do Equipo directivo e aos titores/as do alumnado implicado.

- Distribución do profesorado:

✓ Interior do edificio (1 profesor/a): comprobará que todo o alumnado saia ao patio e que as portas queden pechadas, e logo permanecerá no corredor central do edificio.

✓ Entrada principal (1 profesor/a): comprobará a saída e entrada de alumnado autorizado, así como que este non acceda á zona de aparcamento.

✓ Patios traseiros (2 profesores/as): controlará a zona dos patios (tamén o lateral, zona do CEIP Xunqueira 2) e non permitirá o acceso á zona de aparcamento. Vixiará a entrada aos aseos e o acceso á cafetería.

Se as condicións climatolóxicas son adversas (días de chuvia) o alumnado poderá permanecer no patio interior e no corredor central do primeiro piso (zona de conserxería).

✓ Patio interior + corredor de Parnasillo (1 profesor/a)

A posición das gardas **podará rotar mensualmente**. Para eso terá que poñerse de acordo o profesorado implicado. Mesmo as posicións poderán ser intercambiabes no día a día de mutuo acordo entre o profesorado, sempre que as zonas asignadas queden cubertas.